

## **RESTAURACIÓN DO PARANINFO - Discurso do director (11-2-2008)**

É unha gran honra para a comunidade educativa do I.E.S. do Otero Pedrayo de Ourense contar coa presenza do Sr. Presidente da Xunta de Galicia D. Emilio Pérez Touriño, da Sra. Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria D<sup>a</sup>. Laura Sánchez Piñón, do Sr. Alcalde de Ourense, do Sr. Presidente da Deputación Provincial, Sr. Secretario Xeral, Directores Xerais da Consellería, Srs. Delegados de Educación de Galicia, Srs. Delegados provinciais de Ourense, Sr Director Mupega, Inspectores de educación, directores de centros educativos, profesores, pais e alumnos. Grazas a todos por se sumar hoxe connosco ó disfrute deste extraordinario paraninfo.

Donas e cabaleiros:

Neste acto académico, en que por fin despois de moito anos, se conseguiu restaurar o paraninfo e así comezar unha nova andaina chea de ilusións e proxectos, a miña condición de representante da comunidade educativa do IES Otero Pedrayo márcame un discurso de grazas e que se podería titular "Paraninfo, restauración 2006-2008" pero que tamén podería ser "Paraninfo templo de valores", incluso "ética e estética dun Paraninfo", ou quizais tamén "currículo explícito dun Paraninfo". En fin, vostedes, ó final, se lles gustan estas poucas palabras, poderán elixir un título, xulgar e debater.

Como xa ben intúen non pretendemos, hoxe e aquí, dar as grazas por esta restauración a todas as institucións educativas que interviñeron, -unha por unha- aportando no aspecto material os medios necesarios; nin tampouco pretendemos dar as grazas a tantos profesoras e profesores do Instituto, que souberon transmitir con plena claridade as súas ideas ó restaurador don José Antonio Corral Sousa, quen moi acertadamente as soubo recoller e logo reflectilas a través dos mármores, columnas, esculturas e paredes, facendo así que toda a nosa comunidade educativa- alumnos, pais e profesores-, hoxe e neste intre, se sinta totalmente identificada e ó mesmo tempo orgullosa, co estado actual en que quedou o seu Paraninfo.

Dos responsables da Consellería de Educación de Galicia, ademais de darlles as

grazas contareilles o que fun aprendendo deles ó longo deste tempo.

Así despois de que estes responsables de Educación chegasen ó centro, e logo de miraren a evolución das obras, o que lles fala presentáballes unha folla en branco para que escribisen os valores que podería espertar neles a seguinte actitude: “alumnos, persoas, espectadores presenciando unha actividade literaria, musical ou cultural... neste Paraninfo”. Facía isto porque a partir dunha actitude os profesionais do ensino debemos traballar moitos valores dun xeito explícito. Garantíalles sempre confidencialidade e pregueilles que non puxesen os seus nomes xa que se trataba dunha enquisa anónima.

Ademais direilles que non traían con que escribir e por iso lle prestei ó Sr. inspector D. Samuel Lago Fdez un lapis do nº 1, ó Sr. Delegado de Educación D. Gonzalo Iglesias Sueiro un bolígrafo azul e a Sra Conselleira de Educación D<sup>a</sup>. Laura Sánchez Piñón cumprimentou a súa folla cunha estilográfica. O meu traballo, como ven, fixérono os responsables da educación de Galicia e eu só me limito a ler o que teño escrito nestas enquisas.

Procedemos:

Pregunta común en todas as enquisas: “Valores que esperta, ou se poden traballar, cando os alumnos e alumnas do IES Otero Pedrayo usan o Paraninfo durante actividade cultural ou artística..”

Lectura da primeira enquisa, é anónima, e está escrita con lapis nº 1: Co uso do Paraninfo débese traballar o valor da responsabilidade, o do respecto polos dereitos dos demais e polas cousas, e tamén o valor do amor pola historia, pola arte e pola cultura galega... Engadinlle persoalmente, pero con lapis do número 2, que para chegar a cubrir esta enquisa antes foron necesarios traballar outros valores como os de colaboración, de axuda e de xenerosidade.

Segunda enquisa: é anónima e está escrita a bolígrafo azul: Como ex-alumno deste centro sei que aquí figuraban gravados nas paredes frontal e traseira, catro valores (templanza, fortaleza, prudencia e xustiza) e que representan as partes da psique humana de Platón na cultura grecorromana, logo recollidos por Agustín de

Hipona e posteriormente pola escolástica. Destes catro valores destaco a templanza en canto que se relaciona con moderación, adaptación e paciencia; e o valor de fortaleza pola súa semellanza con firmeza, asertividade e constancia.

Terceira enquisa: é anónima e está escrita con estilográfica. Sobre os valores dunha actitude no Paraninfo escribiría con letras douradas o valor da prudencia en canto é autocontrol, medida, e sensatez. Subliñaría como valor supremo a xustiza na que se encadran aspectos como equidade, obxectividade, convivencia e imparcialidade.

Hai moitas máis enquisas, unhas en disquete grande, outras en disquete de tres e medio, unhas en CD, outras en DVD, incluso xa en blu-ray ..., tamén algunhas en pen-driver con USB1 ou USB2 ... non hai computadora que sexa compatible con tanto soporte informático, polo que non as puiden descifrar todas. Só sei que pertencen a Tuconsa, electricidade Tomás, unidade técnica (David, Amadeo e Cecilia), Consellería de Educación, e a moitos outros ilustres visitantes.

En canto á parte estética do Paraninfo, é dicir a percepción da beleza, moi brevemente engadir que a combinación de cores, a creación de volumes, a iluminación, o xogo de luces e sombras, a sonoridade, o uso da palabra, a representación... todos estes poden ser instrumentos ou medios que esperten nos nosos alumnos e alumnas novas sensibilidades artísticas, pictóricas, creativas, literarias ou musicais.

Co espertar destas novas sensibilidades conseguiremos que o continente e o contido deste Paraninfo, é dicir o espazo no que nos atopamos e as actividades a desenvolver se axusten perfectamente entre eles, e todo xunto resulte unha éxtase ou unha verdadeira sinfonía dos sentidos na que todos os instrumentos deben de soar harmoniosamente e levar sempre o mesmo compás.

Un espazo así, como este Paraninfo, mostra actitudes positivas, esperta valores, crea sensibilidades e danos cada vez máis ánimos e forzas a alumnos e profesores para seguir participando como intérpretes, e con moita ilusión, nesta gran orquestra sinfónica como é a comunidade educativa do IES Otero Pedrayo.